



Manuel Vilanova naceu en Barbantes, Ourense, en 1944. O corazón do Ribeiro do Miño. Estudou Filoloxía Románica en Compostela, onde fixo a súa memoria de licenciatura sobre "La evolución de la poesía de Rafael Alberti". É doutor pola Universidade Complutense coa tese "La soledad en la poesía de Luís Cernuda". Catedrático de Ensino Medio de Lingua e Literatura Españolas, exerce en Vigo. Publicou o seu primeiro libro de poemas, *Mejor el fuego* (Fabras Ediciones, Las Palmas de Gran Canaria), en 1972. A crítica sinalou este libro como "de amplitud y complejidad nada comunes entre los poetas jóvenes". Na mesma editorial, en 1977, publica *El cazador de días*, cun prólogo de Luis Rosales, no que se pode ler: "vive participándose. Es un hombre anterior a la memoria; por consiguiente alegre. Pero ahora ha escrito versos, estos versos, inolvidables, esenciales y dolorosos". Eduardo Blanco-Amor pensaba que era este libro un dos quince mellores que tiña lido. A súa primeira obra en galego é un longo poemario, unha elexía (*A tarde chea de verán*, Editorial Mogor) dedicada ao poeta Celso Emilio Ferreiro. *E direivos eu do mister das cobras* (Editorial "La Región", Ourense, 1980) ten sido considerado por Álvaro Cunqueiro, Varela Jácome, Fernández del Riego, Xosé M^a Álvarez Blázquez e moitos outros, como o poemario máis anovador da lírica galega contemporánea. En 1985 sairá do prelo un novo libro de poemas en galego co título de *A lenda das árbores de prata* (Ediciones NOS, A Coruña) que recibiu o Premio da Crítica Galega. Arcadio López-Casanova considera a voz lírica deste poeta como unha das máis intensas do noso panorama poético contemporáneo. En 1988 publica en Málaga *Casa para los ojos* (Colección Puerta del Mar). Deste libro escrito nunha vida retirada díxose que "la mirada del poeta tiene el poder de reconocer un mundo diferente". *El quinto cáliz* (Colección Genil, Granada, 1977) é para algúns "el libro más estremecedor del encuentro de un hombre con Dios". *El corazón del pan* (Fundación Jorge Guillén, Valladolid, 2002) afonda na veta relixiosa. Este libro foi definido por Vicente Araguas como "gozar la perfección".

A esmeralda branca é un intenso cancionero no que o poeta identifica a demiurxia, a muller e a terra desde unha nova mentalidade lírica que achega unha simboloxía diferente na transmisión dos *topoi*. Esta Nova Arcadia responde á codificación dos momentos vividos nos xardíns sen lindes do Ribeiro, ao tempo que se vai estendendo, como o brillo da esmeralda, a todos os lugares de Galicia que el ama.

"Querido amigo: su poesía que es amor, que es conocimiento, que es pasión -escribiu Vicente Aleixandre ao poeta co gallo do seu primeiro libro- me acompaña este verano".